

PREGUNTAS DO BLOQUE “RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS” PARA A ELABORACIÓN DUN CUESTIONARIO DE AVALIACIÓN:

Adrián colleu sen permiso o compás de Daniel e rompeuno. Cando llo di, Daniel enfádase moito. Adrián tenta, nese momento falar con él para buscar unha solución. Dille que pode pagar o compás, si lle parece ben. Pero Daniel lle da un mamporro e lle di ¿pero de que vas? ¡ti es imbécil! ¡Collíchesme o compás e mo tes que devolver como estaba! ¡Cun billete non pododo facer circunferencias!

1. Elix a mellor definición para este conflito:

- a) Adrián e Daniel defenden diferentes solucións para repoñer o compás roto.
- b) Adrián colle sen permiso o compás e non o debería facer
- c) Rómtese unha relación de amizade
- d) Trátase dun conflito donde un rapaz agrede físicamente a outro.

2. Elix a resposta que deron estes rapaces ao conflito

- a) Daniel enfádase porque lle romperon o compás e Adrián enfádase porque o chamou imbécil
- b) Daniel defende os seus dereitos de forma correcta
- c) Adrián quere pagarlle o compás e Daniel lle da un mamporro e o insulta
- d) Responden cunha solución axeitada para as dúas partes

3. Como se poderían controlar os sentimentos negativos e como afectaría isto ao conflito? Elix a alternativa correcta

- a) Si Daniel lle dixera a Adrián que non se preocupase e que xa falarían noutro momento, contribuiría a que a situación do conflito non empeorase
- b) Si Adrián non dixese nada, Daniel non se enfadaría
- c) Si cando se enfada Daniel, Adrián se enfadara máis que el, Daniel vería que Adrián é máis forte e non lle daría un mamporro nen o insultaría.
- d) Si Adrián lle dixera as cousas con educación a Daniel, éste non se enfadaría.

SOLUCIONES

1. A)

2. C)

3. A)